

PROXECTO

ORZAMENTOS

20
24

INFORME DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS



XUNTA
DE GALICIA



MEMORIA DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

CONTIDO

I.	PRESENTACIÓN	7
I.1.	ORZAMENTOS DE 2023 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA	11
II.	INGRESOS	15
II.1.	PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.	17
II.2.	VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL	29
II.3.	EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2015-2023	33
II.4.	INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN	40
II.4.1.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	41
II.4.2.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	43
II.4.3.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE	45
II.4.4.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	47
III.	GASTOS	49
III.1.	PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.	51
III.2.	ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2023 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS	60
III.3.	VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL	66
III.4.	EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2015-2023.	68
III.5.	INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN	72
III.5.1.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	73
III.5.2.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	76
III.5.3.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE	79
III.5.4.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	82
IV.	PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010)	85
IV.1.	PRINCIPAIS INDICADORES. TOTAL DEPUTACIÓNS	87
IV.2.	PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE	

CONTABILIDADE NACIONAL DE CADA UN DOS	
ORZAMENTOS PROVINCIAIS _____	88
IV.2.1. ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA _____	88
IV.2.2. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO. _____	89
IV.2.3. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE _____	90
IV.2.4. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA _____	91



PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

A presente Memoria reflicte os Orzamentos iniciais das catro deputacións de Galicia para o ano 2023, de acordo ao disposto na disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse aos da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Esta Memoria pretende, ser un instrumento máis de coñecemento da realidade das facendas locais, neste caso do ámbito provincial, e proporcionar unha descrición dos orzamentos sinxela e sintética.

A Memoria soamente recolle a través de táboas e gráficos as principais magnitudes orzamentarias, divididas en dúas partes: ingresos e gastos, incluíndo unha serie coa evolución de catro variables principais, como o total do orzamento, os ingresos tributarios, os gastos de persoal e as operacións de capital, ao longo dos nove últimos anos (2015-2023).

Tamén se describen as finalidades dos gastos segundo a estrutura de programas, destacando as principais áreas e políticas a nivel do conxunto das catro deputacións.

Engádesse ao final os principais indicadores en termos de contabilidade nacional dos dous últimos anos.

1.1. ORZAMENTOS DE 2023 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Os orzamentos que se presentan neste documento son os aprobados como iniciais para o ano 2023 das catro deputacións galegas, presentados aquí de xeito sistemático e conxunto, coa mesma metodoloxía das memorias das deputacións dos anteriores orzamentos.

Realizarase unha análise dos orzamentos de cada unha das catro deputacións provinciais, así coma do orzamento conxunto do ano 2023, que acompañan aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o mesmo exercicio. A fonte de información son os orzamentos das entidades analizadas, sendo esta Memoria unha breve presentación agregada dos datos contidos neles. Recoméndase, para calquera dúbida, consultar a documentación completa que figura publicada nas páxinas web de cada deputación provincial. Con motivo dos cambios lexislativos dos últimos anos no eido orzamentario, sintetízanse en primeiro lugar as normas que regulan as facendas locais e os seus orzamentos.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, lei reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei reguladora das facendas Locais (artigos 162 a 171)
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola LO 9/2013 do 20 de decembro de control de débeda comercial no sector público, sendo de aplicación o R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, REO, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 15/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais
- R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP
- R.D. 500/1990, de 20 de abril, regulamento orzamentario

Os orzamentos preséntanse segundo o disposto na Orde 3565/2008 do 3 de decembro, que establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde 419/2014, do 14 de marzo.

No que respecta aos *ingresos*, atenderase ao ANEXO IV relativo á clasificación económica do ingreso, isto é, diferenciando entre as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa estrutura de capítulos, artigos, conceptos e subconceptos.

Con respecto aos *gastos*, os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasificaranse cos seguintes criterios:

- Por programas (dentro da mesma os gastos clasifícanse por Área de gasto / política de gasto / grupo de programa / programa de gasto)
- Por categorías económicas (agrupando os créditos por capítulos separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras)
- Opcionalmente, por unidades orgánicas (non se recolle este criterio nesta memoria)

A clasificación dos gastos especifícase nos anexos I ao III. No primeiro deles establécese a clasificación por programas, no segundo a táboa de equivalencias coa clasificación da normativa anterior (empregada nos orçamentos das EELL anteriores ao exercicio 2010) e finalmente, o anexo III refírese á clasificación económica dos gastos.

Nesta memoria soamente se presentan os gastos coas dúas clasificacións obrigatorias: por categorías económicas e por programas.

Os datos dos orçamentos están expresados en euros correntes de cada ano.

Para abordar a análise dos orçamentos das deputacións galegas procederase da seguinte maneira:

- Farase unha análise diferenciada dos ingresos e dos gastos (nos apartados II e III respectivamente)

- Para cada un dos compoñentes do orzamento (ingresos e gastos) realizarase unha primeira aproximación das características xerais dos orçamentos, tanto de cada deputación coma do agregado para toda Galicia; en segundo lugar, analizaranse as variables de ingresos en termos per cápita, observando as principais diferencias entre deputacións; en terceiro lugar realizarase unha análise da evolución dos ingresos e gastos dende o ano 2015 á actualidade; e finalmente, nun cuarto apartado, recolleranse os orçamentos de ingresos e gastos, respectivamente, para cada deputación

- Finalmente, no apartado IV da presente memoria, recóllense os principais indicadores en termos de contabilidade nacional, empregando a metodoloxía do sistema europeo de contas 2010 (SEC 2010) e tendo en conta a consolidación co sistema anterior de 1995 (SEC 1995).

Os orçamentos aquí reflectidos son os resultantes da consolidación entre os das deputacións e os organismos autónomos, segundo o disposto no artigo 147.1.c. da Lei 39/1988 e o artigo 12.b. do R.D. 500/1990, unha vez descontadas as transferencias internas.

Ao respecto, convén resaltar que desde o orzamento de 2015, producíronse importantes cambios, pola aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, coa simplificación da estrutura organizativa.

Neste informe os datos orzamentarios son os seguintes:

1. Deputación da Coruña. Orzamento: 207.198.000,00 €
2. Deputación de Lugo. Orzamento: 110.614.887,32 €
3. Deputación de Ourense. Orzamento: 90.970.000,00 €
4. Deputación de Pontevedra. Orzamento: 181.633.895,00



INGRESOS

II. INGRESOS

II.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.

O orzamento global das catro deputacións provinciais de Galicia para o ano 2023 presenta un ascenso interanual, pasando de 550,9 millóns de € de 2022 a 590,4 do orzamento de 2023, o que supón un incremento de 39,5 millóns. A variación non é moi significativa tendo en conta que houbo un aumento no índice xeral de prezos de consumo en Galicia no último ano (variación anual do 2,7% de agosto de 2023 con respecto a agosto do ano 2022).

No exercicio 2023 o incremento interanual medio foi en concreto de 7,2% con respecto ao ano 2022. Por provincias, as catro presentan incremento nas cifras orzamentarias, A Coruña cun 9,5%, Lugo un 10,4%, Ourense cun 6,1% e o 3,3% de Pontevedra.


Cadro 1. Ingresos nos orzamentos das deputacións provinciais.

	2022	2023
A Coruña	189.235.000	207.198.000
Lugo	100.165.599	110.614.887
Ourense	85.700.000	90.970.000
Pontevedra	175.796.471	181.633.895
Total	550.897.070	590.416.782

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta ao peso relativo de cada un dos orzamentos provinciais respecto do total, o orzamento coruñés segue a ser o de maior importe dos catro, representando o 35% do total, seguido do de Pontevedra co 31% ao total das catro deputacións. Pola outra banda están os orzamentos das dúas provincias menos poboadas, Lugo e Ourense, onde os orzamentos das respectivas deputacións representan en 2023 o 19% e 15% respectivamente.

Gráfico 1. Ingresos nos orçamentos das deputacións provinciais.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta a variable poboacional, tomando os datos do Padrón municipal de habitantes (publicado polo IGE) coa poboación provisional a 24 de xaneiro de 2023, habería que sinalar en primeiro lugar, un **aumento** de 1.312 persoas en Galicia con respecto a 2022. Foi a provincia de Coruña onde se produciu o maior aumento na poboación en termos absolutos (cun aumento de 579 persoas). En taxa interanual, o maior aumento foi na provincia de Ourense (cun aumento dun 0,10%).

A variable poboacional ademais reflicte que en termos per cápita, hai dous grupos claramente diferenciados, os de Lugo e Ourense, por unha banda, que son significativamente superiores á media de Galicia e aos das outras dúas deputacións.

Cadro 2. Orçamentos Deputacións provinciais en termos per cápita.

	2022	2023	Variación
A Coruña	169,17	185,1	9,4%
Lugo	309,32	341,4	10,4%
Ourense	281,92	299,0	6,0%
Pontevedra	186,47	192,6	3,3%
Galicia	204,86	219,4	7,1%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os importes en termos de euros per cápita referidos á poboación de cada ano presentan incrementos no conxunto e nas catro provincias. O incremento da media de Galicia é de 14,59 euros por habitante máis que en 2022 (un 7,1% máis).

Máis adiante, no apartado de evolución de ingresos preséntase a traxectoria dos últimos nove anos tanto en valores absolutos como en termos de importes divididos pola poboación de cada ano.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de ingresos


Destácanse aquí, a grandes trazos as variacións de maior importe e relevancia ao comparar o orzamento inicial dos anos 2022 e 2023.

- **OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS:**
 - O agregado de ingresos tributarios (capítulos I, II e III) representa no ano 2023 un 21,6% do total do orzamento e experimenta un incremento do 5,6% con respecto ao ano anterior. Este incremento foi posible pola subida dos ingresos derivados dos impostos directos, das taxas e outros ingresos e en menor medida os impostos indirectos. **○ capítulo I impostos directos** no que se inclúen os recursos esixidos sen contraprestación, presenta unha taxa de incremento do 7,7%. É o primeiro recurso na estrutura de ingresos das catro deputacións (sen ter en conta as transferencias), xa que presenta unha porcentaxe do 8,3% sobre o total de ingresos (e un 38,5% dentro dos ingresos tributarios). O *capítulo II* de Impostos indirectos experimentou un incremento no conxunto das catro deputacións do 2,9% con respecto ao ano anterior, aumentando en tódalas deputacións menos na de Lugo, que diminuíu nun 23,1%, mentres que o *capítulo III* Taxas e outros ingresos sufriu un aumento significativo do 6,3%.
 - No orzamento de 2023, como en anos anteriores, produciuse un incremento do *capítulo IV* de **transferencias correntes** que medran en 25,9 millóns de euros para o total das catro deputacións, que representa un incremento porcentual do 6,1%. O peso porcentual deste capítulo é o de maior presenza dentro das operacións correntes (77,8%), e representa na actualidade o 76,3% do total do orzamento. É dicir 76 euros de cada 100 dos orzamentos das corporacións provinciais galegas proceden directamente do Estado, sendo o Fondo Complementario de financiamento a achega máis importante en todos os orzamentos das corporacións locais. Por provincias, o **capítulo IV** aumenta nos orzamentos das catro deputacións provinciais, con maior proporción na deputación de Lugo, onde o incremento con respecto ao 2022 foi do 12,5%.
 - O *capítulo V* de Ingresos patrimoniais experimentou un importante aumento, en concreto do 132,3%, motivado polo forte incremento na deputación da Coruña e tamén na de Lugo, o que fixo que as operacións correntes se viran modificadas con respecto ao exercicio anterior.
 - O agregado de operacións correntes (capítulos I a V) aumentou un 6,1% con respecto ao exercicio anterior, e con 578,8 millóns de euros repre-

sentan case a totalidade do orzamento de ingresos, cunha porcentaxe do 98% sobre o total. Este agregado aumenta en todas as deputacións, ao comparalo co do ano anterior. A maior porcentaxe de incremento rexistrouse na deputación de Lugo cun 10,1%.


- Se temos en conta o agregado de *operacións de capital* (capítulos VI e VII) produciuse un aumento medio do 179,4%. En Lugo e en Ourense este capítulo experimentou un descenso do 10,7% e do 47% respectivamente, en Pontevedra aumentou un 16,4% e na provincia de A Coruña experimentou un notable ascenso 16.069,9% con relación a exercicio de 2022. As **transferencias de capital** (capítulo VII) experimentan un notable ascenso, en concreto do 297,4% con respecto ao ano anterior. Este forte ascenso produciuse como consecuencia do importante ascenso producido en A Coruña (que pasou de 0€ en 2022 a 6.198.080€ en 2023).
- **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:** no que respecta ás **operacións financeiras**, ao igual que en anos anteriores, non hai consignación de capítulo IX (variación de pasivos financeiros) e produciuse unha variación positiva no capítulo VIII do 8% (variación de activos financeiros). Esta variación positiva ten a súa explicación no aumento experimentado por Lugo (cun ascenso do 182,6%), Pontevedra tivo un descenso do 44,4%), e non se produciron variacións nas cifras de A Coruña e Ourense.

Cadro 3. Variacións anuais na estrutura de ingresos. Total da CA de Galicia 2022-2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 2. Porcentaxe que representa cada capítulo de ingresos no orzamento agregado das catro deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Principais características da estrutura de ingresos

A composición do orzamento das catro deputacións, presenta as seguintes liñas xe-ras:

- case a totalidade do orzamento son *operacións non financeiras* (99,7% do total)
- dentro das non financeiras, son as *operacións correntes* as que representan a maioría dos ingresos, co 98% do total, sendo o capítulo IV o de maior volume dentro deste último agregado e supoñendo o 76,3% do total do orzamento. Os ingresos tributarios, capítulos I, II e III, representan o 21,6% do total, cun importe de 127,4 millóns de euros. Os ingresos do capítulo V, patrimoniais só representan o 0,1% de peso porcentual na estrutura de ingresos das deputacións provinciais galegas.
- as operacións de capital (capítulos VI e VII) e as financeiras (capítulos VIII e IX) soamente representan o 1,6% e 0,3% respectivamente.

Gráfico 3. Ingresos totais por operacións. 2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- En termos monetarios, podemos observar no que se traducen as porcentaxes anteriores, así coma a variación experimentada por cada un dos capítulos con respecto ao exercicio 2022 (cadro 5).

Cadro 4. Estructura de ingresos 2023

TOTAL DEPUTACIÓN		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	588.419.112	99,7%
Operacións correntes	578.778.408	98,0%
Operacións de capital	9.640.704	1,6%
Operacións financeiras	1.997.670	0,3%
TOTAL	590.416.782	100,0%
INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓN		
Ingresos tributarios (I, II, III)	127.439.006	21,6%
Transf. correntes (IV)	450.469.764	76,3%
Ingresos patrimoniais (V)	869.638	0,1%
Operacións de capital (VI, VII)	9.640.704	1,6%
Operacións financeiras (VIII, IX)	1.997.670	0,3%
TOTAL	590.416.782	100,0%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


Cadro 5. Orçamento de ingresos do total das deputacións.

CAPÍTULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	45.547.757	8,3%	7,7%	49.054.277	8,3%
II. Impostos Indirectos	41.548.897	7,5%	2,9%	42.735.318	7,2%
III. Taxas e Outros ingresos	33.548.782	6,1%	6,3%	35.649.411	6,0%
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>120.645.436</i>	<i>21,9%</i>	<i>5,6%</i>	<i>127.439.006</i>	<i>21,6%</i>
IV. Transferencias Correntes	424.577.349	77,1%	6,1%	450.469.764	76,3%
V. Ingresos Patrimoniais	374.388	0,1%	132,3%	869.638	0,1%
Operacións correntes	545.597.173	99,0%	6,1%	578.778.408	98,0%
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.359.918	0,2%	-1,8%	1.335.579	0,2%
VII. Transferencias de Capital	2.089.980	0,4%	297,4%	8.305.126	1,4%
Operacións de capital	3.449.898	0,6%	179,4%	9.640.704	1,6%
Operacións non financeiras	549.047.070	99,7%	7,2%	588.419.112	99,7%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.850.000	0,3%	8,0%	1.997.670	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	1.850.000	0,3%	8,0%	1.997.670	0,3%
TOTAL INGRESOS	550.897.070	100%	7,17%	590.416.782	100%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

En resumo, son os Ingresos por operacións correntes a principal fonte de recursos dos orzamentos provinciais. O capítulo IV de **transferencias correntes**, supera as *tres cuartas partes do total dos recursos*, nas que a principal partida é a transferencia da Administración Xeral do Estado, en concepto de participación nos tributos do Estado, sendo **Fondo complementario de financiamento** a partida máis cuantiosa. En segundo lugar, son os ingresos procedentes dos tributos provinciais e recargos doutros impostos (impostos e taxas e prezos públicos) os que achegan ás arcas provinciais a *quinta parte do total de recursos* orzamentarios. O que pon de manifesto como o mantemento destas entidades recae cada vez máis sobre a cidadanía.


Gráfico 4. Ingresos totais da Comunidade Autónoma de Galicia. 2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta á diferente composición do orzamento de ingresos de cada deputación, a grandes trazos presentan unha estrutura de ingresos moi similar á do conxunto.

Gráfico 5. Detalle da estrutura de ingresos 2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


O capítulo IV de transferencias correntes, oscila entre o 71% do total de ingresos no orzamento provincial da Coruña e o 83,2% no de Ourense.

Os ingresos tributarios, que son a segunda das fontes de financiamento da facenda provincial, cunha media do 21,6% de porcentaxe do total, varía a súa proporción entre

o 25,6% que presentan este tipo de ingresos no orzamento da Coruña e o 16% no de Ourense.

Os datos respecto ao total de operacións correntes non presenta case variacións entre uns orzamentos e outros dado a alta porcentaxe que representan nas catro deputacións, sendo a porcentaxe máis baixa a do orzamento de A Coruña, co 96,8% e case o total de ingresos no ourensán (99,4%).

Gráfico 6. Detalle da estrutura de ingresos de menor porcentaxe.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que se refire ás operacións de capital, investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) o maior peso porcentual correspóndelle ao orzamento provincial de A Coruña, no que estes ingresos se estima que alcancen o 3% do total de recursos.


A estrutura de ingresos das *corporacións provinciais galegas* presentan características similares aos orzamentos do resto de entidades locais. Debido ás diferentes figuras impositivas entre ambos tipos de entidades locais, pódense observar certas diferenzas na composición de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia para o ano 2023, segundo os datos obtidos do Ministerio de Hacienda.

- As operacións correntes orixinan a maior parte dos seus recursos, así, nos concellos, supoñen o 89,9% dos ingresos totais, porcentaxe inferior con respecto ás deputacións (onde supoñen o 98,1%). No orzamento consolidado das Entidades locais galegas a porcentaxe queda no 93,2%.
- Os recursos procedentes de ingresos de capital teñen maior presenza nos orzamentos dos concellos, un 6,7% fronte ao 1,6% nas deputacións. O dato do

orçamento consolidado das EELL queda no 3,9% de ingresos por transferencias de capital e alleamento de investimentos reais.

- O mesmo coas operacións financeiras, coas que estiman ingresar o 3,4% do total dos seus recursos nos orzamentos municipais mentres que nas deputacións sería o 0,3%, reflectindo o orçamento consolidado o 3% de recursos procedentes de variacións de activos e pasivos financeiros.


Gráfico 7. Detalle da estrutura de ingresos orzamentos Entidades Locais de Galicia 2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No gráfico seguinte visualízanse os ingresos tributarios e as transferencias correntes que son as compoñentes da estrutura de ingresos con maior presenza. É significativa a achega que no caso dos orzamentos provinciais teñen as transferencias correntes.

Gráfico 8. Ingresos tributarios e transferencias correntes das Entidades Locais de Galicia 2023




Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao comparar as estruturas orzamentarias (de concellos, deputacións e consolidado de entidades locais) a un maior nivel de desagregación, as diferenzas son máis acusadas:

- os *ingresos tributarios* para o conxunto de orzamentos dos concellos galegos representan algo máis da metade dos seus recursos, co 52% do total, fronte ao 22% das facendas provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais o agregado de ingresos de natureza tributaria representa algo menos da metade dos recursos, cunha porcentaxe do 49%.
- Sen embargo as *transferencias correntes* teñen un peso menor nos orzamentos municipais, nos que o capítulo IV representa o 37% do total de ingresos, fronte ao 76% nos orzamentos das deputacións provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais galegas a porcentaxe na estrutura de ingresos queda no 44%.

No gráfico seguinte aprécianse os agregados que menor achega representan nos orzamentos das entidades locais galegas, para poder reflectir mellor as diferenzas, entre os orzamentos dos diferentes entes locais, municipais e provinciais e outras entidade locais. Compróbase así que é nos concellos onde os ingresos por operacións de capital teñen máis presenza, representando o 6,7% do seu total de ingresos; fronte ao esquema do orzamento de ingresos nas deputacións no que estes tres agregados teñen un peso porcentual de 0,1%, 1,6% e 0,01%.


Gráfico 9. Capítulos V a IX de ingresos dos orzamentos das Entidades Locais de Galicia 2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outro apunte que pode resultar interesante estriba na comparativa da estrutura de ingresos das facendas provinciais galegas coa media nacional, obtido dos datos provisionais do Ministerio de Hacienda, do que se extraen as seguintes liñas principais:

Gráfico 10. Estrutura dos ingresos dos orçamentos das deputacións 2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- os ingresos por operacións correntes son os de maior importancia dentro do total de ingresos en ambos casos, aínda que a importancia é menor en termos da media nacional, tendo un maior peso as operacións financeiras
- os ingresos tributarios, teñen unha representación menor na estrutura de ingresos da facenda a nivel rexional, xa que representan o 21,7 do total de ingresos (2 puntos porcentuais menos que en España). Con respecto as transferencias correntes estas teñen un peso máis elevado en Galicia (76,3% fronte o 63,9% do total nacional)
- no ámbito nacional e con respecto ás operacións de capital, case a totalidade son as transferencias para investimentos de capital (capítulo VII)
- no relativo aos dous capítulos que forman o agregado de operacións financeiras, dicir que ten un peso máis elevado en España (7,4% fronte o 0,3% en Galicia).


Nos datos de orçamentos das deputacións a nivel nacional non se tiveron en conta os orçamentos do País Vasco pola diferente normativa fiscal.

II.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

Como resumo dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2023, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características.


O **total de ingresos** consignados ascende a 219,4 euros por habitante, 14,59 euros máis con respecto ao dato de 2022, ocasionado polo incremento da cifra de ingresos. Como en anos anteriores os datos dos orzamentos das dúas provincias menos poboadas son maiores ca media de Galicia, superándoa amplamente, con 341,4 e 299 €/habitante respectivamente para Lugo e Ourense.

Gráfico 11. Total de ingresos. Euros por habitante.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 12. Total de ingresos. Euros por habitante. Evolución.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como se pode observar na táboa que acompaña ao gráfico 12, produciuse un aumento dos ingresos por habitante en todas as deputacións.

A composición dos ingresos en termos per cápita resúmese do seguinte xeito:

Na cifra de **ingresos tributarios** obsérvase que houbo un incremento con respecto ao ano anterior (só de 2,5 euros para a media de Galicia en 2023 respecto a 2022). O dato de ingresos tributarios por habitante para os orçamentos de A Coruña e Ourense son similares ao da media de Galicia, mentres que os de Lugo atópanse por enriba da media (entorna os 58 euros) e os de Pontevedra lixeiramente por debaixo (case 44 euros).


Como xa se viu, os ingresos de natureza tributaria teñen as porcentaxes máis elevadas nos orçamentos da Coruña (25,6%) e Pontevedra (22,6%). Mentres que nos restantes orçamentos provinciais, as porcentaxes oscilan entre o 16,9% en Lugo e o 16% en Ourense.

Cadro 6. Variables e ratios económico-financieiras dos ingresos. 2023. Euros por habitante e porcentaxe.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	185,1	341,4	299,0	192,6	219,4
Ingresos Tributarios (I+II+III)	47,5	57,8	47,7	43,6	47,4
% ITR / IT	25,6%	16,9%	16,0%	22,6%	21,6%
Transferencias Correntes (IV)	131,5	278,2	248,9	145,7	167,4
% TC / IT	71,0%	81,5%	83,2%	75,7%	76,3%
Operacións Correntes (I ao V)	179,3	336,4	297,1	189,5	215,1
% OC / IT	96,8%	98,5%	99,4%	98,4%	98,0%
Operacións de capital (VI+VII)	5,6	2,4	0,9	2,5	3,6
% TDC / IT	3,0%	0,7%	0,3%	1,3%	1,6%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	0,3	2,6	1,0	0,5	0,7
% IF / IT	0,2%	0,8%	0,3%	0,3%	0,3%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 13. Variables de ingresos. Euros por habitante.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

As **transferencias correntes**, capítulo IV, que é o capítulo de maior importe, presenta unha cifra de 167,4 € por habitante para a media de Galicia, 9,5 euros máis ca en 2022. Lugo e Ourense son as provincias que presentan maior importe por habitante. Os datos das outras dúas provincias é notablemente menor, con 131,5 na Coruña e 145,7 en Pontevedra.

Lémbrese que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que máis das tres cuartas partes dos recursos das facendas provinciais de Galicia teñen a súa orixe nas transferencias correntes, nas que a partida máis importante é a participación nos tributos do Estado.

A suma das variables anteriores máis o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de **ingresos por operacións correntes**, que presentan unha cifra media de 215,1 €/habitante, 12,22 euros máis ca en 2022. Como xa é habitual e como consecuencia do dito ata agora, os orzamentos das dúas provinciais con menor poboación son as que presentan valores por encima da media, con 336,4 e 297,1 euros por habitante respectivamente de Lugo e Ourense. Os da Coruña e Pontevedra están en 179,3 e 189,5 respectivamente). Este dato incrementouse en todos orzamentos provinciais, sendo en Lugo onde se produce a maior subida (10%).

As **operacións de capital**, capítulos VI e VII, experimentaron un forte incremento do 179,3% no total de Galicia. Sendo A Coruña a provincia que experimenta un notable ascenso. En Pontevedra prodúcese un pequeno aumento mentres que en Lugo e Ourense descenden.

Por último, as **operacións financeiras** (capítulos VIII e IX), presentan unha porcentaxe igual que o ano anterior (0,3%), para a media de Galicia o importe é de 0,7 euros por persoa, oscilando entre 0,3 euros por habitante na Coruña e 2,6 euros en Lugo.


II.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2015-2023

De seguido preséntase unha síntese da senda que reflicten os orçamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 9 anos, é dicir dende o ano 2015 ao ano 2023.

Tras o contexto global de crise e recesión económica que tiña provocado unha diminución nos recursos das facendas provinciais, obsérvase que dende o ano 2015, en termos xerais, os orçamentos provinciais experimentan unha traxectoria crecente e constante, para o total das catro deputacións, agás o lixeiro descenso do ano 2017.

Como se pode observar foi o ano 2023 o de maior valor da cifra orzamentaria, con 590,4 millóns de euros, superior en 109,2 millóns á cifra do ano 2015 e 39,5 millóns (un 7,2%) con respecto ao orzamento do ano anterior, o que significa o maior crecemento dende o ano 2015.

Gráfico 14. Evolución do orzamento de ingresos 2015-2023 para o total das deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


Por deputacións, tendo en conta os datos dende o 2015, o resultado da evolución desta serie ofrece os seguintes trazos: o orzamento lucense presenta taxas negativas en 2017 e 2018 e é o orzamento que presenta unha maior taxa de variación media interanual positiva no período considerado (3,5%). Os únicos orçamentos que tiveron crecementsos todos os anos deste período foron os da Coruña e Pontevedra, cun resultado dunha taxa de crecemento medio interanual do 2,4% en A Coruña, pasando dos 171,3 millóns de 2015 aos 207,2 de 2023 e do 2,5% en Pontevedra, pasando dos 148,6 millóns en 2015 aos 181,6 millóns de 2023. Por último no orzamento de Ourense houbo unha taxa media de incremento anual do 2%, sendo negativa a taxa do ano 2017 (-0,9%).

Cadro 7. Total orzamento de ingresos 2015-2023 e incremento interanual medio.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	Inc. interanual medio
A Coruña	171,3	175,6	176,5	179,0	183,6	184,0	184,5	189,2	207,2	2,4%
Lugo	83,9	83,9	80,4	79,0	88,5	91,7	92,4	100,2	110,6	3,5%
Ourense	77,4	77,7	77,0	80,7	82,7	85,7	85,7	85,7	91,0	2,0%
Pontevedra	148,6	152,1	152,5	156,9	158,0	160,9	168,1	175,8	181,6	2,5%
Galicia	481,2	489,3	486,5	486,6	512,7	522,4	530,7	550,9	590,4	2,6%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 15. Evolución do orzamento de ingresos 2015-2023 para o total das deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Ao observar a evolución do total de **ingresos por habitante**, compróbase que a tendencia de crecemento é similar á comentada para os valores absolutos. Para a media de Galicia pasouse de 176,2 euros por habitante en 2015 a 219,4 do ano 2023.

Gráfico 16. Evolución do orzamento de ingresos 2015-2023. Euros por habitante.




Fonte: Consellería de Facenda.

Ao describir a traxectoria de cada un dos orzamentos provinciais en termos per cápita, o primeiro que se observa é a existencia de dous grupos, como no total de ingresos en termos absolutos, aínda que neste caso, os valores máis altos corresponden aos orzamentos das provincias menos poboadas, Lugo e Ourense.

Lugo amosa a cifra máis alta da serie con 341,4 euros por habitante en 2023, sendo tamén a que experimenta o maior crecemento, xa que partía dos 249,4 euros por habitante. En Ourense atopamos o segundo valor máis alto, con 299 euros por habitante en 2023.

Os resultados en Coruña e Pontevedra fluctuaron entre 152 euros/habitante no ano 2015 en Coruña aos 185,1 de 2023. En Pontevedra, no ano 2015 acádase un valor de 157 euros por habitante e no ano 2023 o valor ascende a 192,6 euros.

Gráfico 17. Ingresos por habitante 2015-2023.




Fonte: Consellería de Facenda.

A evolución da cifra de **ingresos tributarios** (impostos directos, indirectos e máis as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2015-2023 de igual intensidade ca o total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 2,6% para o total das catro deputacións.

A cifra medida para o total de Galicia oscilou entre os 103,8 millóns de euros de 2015 aos 127,4 de 2023.


Gráfico 18. Evolución dos ingresos tributarios 2015-2023.



Fonte: Consellería de Facenda.


A porcentaxe que representan este tipo de ingresos de natureza tributaria respecto ao total (capítulos de impostos directos, indirectos e taxas e outros) mantense estable nestes 9 anos do período observado, representando o 21,57% do total de ingresos en 2015 e o 21,58% en 2023.

Gráfico 19. Porcentaxe ingresos tributarios sobre o total de ingresos. Total de deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 20. Evolución total de ingresos totais e ingresos tributarios.



Fonte: Consellería de Facenda.

As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan diferencias entre uns orzamentos provinciais e outros, sendo o orzamento da Coruña no que se aprecia un maior crecemento, xa que pasou de ter 39 millóns de euros en 2015 a 53,1 en 2023, reflectindo unha taxa media de incremento interanual do 3,9%.

No orzamento de Lugo houbo un ascenso do agregado de ingresos tributarios do 1,5% de media anual. No cadro 8 podemos ver como nalgúns anos diminuíron os ingresos e noutros aumentaron. No ano 2023 volve a producirse un descenso, pasando de 18,9 millóns en 2022 a 18,7 millóns en 2023.

A cifra de ingresos tributarios consignada nos orzamentos iniciais da deputación de Ourense reflicte o menor incremento cunha taxa media do 0,6% oscilando entre 13,8 millóns en 2015 e 14,5 en 2023.


Finalmente en Pontevedra a traxectoria foi de crecemento (aínda que houbo pequenos descensos nos ingresos tributarios dos anos 2016, 2018 e 2022). O resultado da variación entre os anos extremos da serie foi dun crecemento interanual a unha taxa media do 2,3%.

Cadro 8. Ingresos tributarios 2015-2023 e incremento interanual medio.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	Inc. Interanual medio
A Coruña	39,0	41,0	40,0	41,9	44,4	43,6	43,6	48,2	53,1	3,9%
Lugo	16,7	16,1	11,7	12,3	15,3	15,5	15,3	18,9	18,7	1,5%
Ourense	13,8	14,1	13,1	13,1	14,2	14,1	13,5	13,7	14,5	0,6%
Pontevedra	34,3	34,0	35,3	36,3	36,2	37,0	39,9	39,8	41,1	2,3%
Galicia	103,8	105,2	100,1	103,6	110,1	110,2	112,3	120,6	127,4	2,6%

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 21. Ingresos tributarios 2015-2023 por provincias.



Fonte: Consellería de Facenda.


Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase que no ano 2023 a cifra de ingresos tributarios por habitante rolda os 47,4 euros (media para o total das catro deputacións).

No orzamento lucense estes ingresos por habitante foron maiores que no resto de deputacións, situándose en 57,8 euros e superando a media das catro deputacións. Este incremento xa se rexistrou no ano 2022, pasando de 46,5 euros no ano 2021 a 58,3 no 2022.

O orzamento de A Coruña foi o de menor cifra no ano 2015 e dende este exercicio presenta unha importante evolución á alza. Do mesmo xeito, en Pontevedra podemos observar unha evolución similar aínda que menos marcada.

Os cambios para a serie da Ourense amosan unha lixeira subida dende 2015 ata 2023.

Gráfico 22. Ingreso tributario por habitante 2015-2023.



Fonte: Consellería de Facenda.


II.4. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte estrutura:

- En primeiro lugar, recóllese a estrutura básica dos ingresos, reflectindo a porcentaxe que amosa cada agregado ao total dos ingresos.
- En segundo lugar, figura unha táboa comprensiva do orzamento inicial 2023, e a comparación co orzamento do ano 2022. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de ingresos nestes dous últimos anos.


II.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 23. Orçamento de ingresos de A Coruña 2023.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 24. Orçamento de ingresos de A Coruña Detalle 2023.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 9. Orzamento de ingresos da deputación de A Coruña comparativa 2022 - 2023

CAPITULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	21.197.023	11,2%	9,8%	23.274.380	11,2%
II. Impostos Indirectos	15.498.712	8,2%	14,1%	17.682.900	8,5%
III. Taxas e Outros ingresos	11.479.426	6,1%	5,9%	12.160.788	5,9%
Ingresos tributarios	48.175.161	25,5%	10,3%	53.118.068	25,6%
IV. Transferencias Correntes	140.657.821	74,3%	4,7%	147.204.173	71,0%
V. Ingresos Patrimoniais	13.600	0,0%	2205,9%	313.600	0,2%
Operacións correntes	188.846.582	99,8%	6,2%	200.635.842	96,8%
VI. Alleamento Investimentos Reais	38.418	0,0%		14.079	0,0%
VII. Transferencias de Capital	0	0,0%		6.198.080	3,0%
Operacións de capital	38.418	0,0%	16069,9%	6.212.159	3,00%
Operacións non financeiras	188.885.000	99,8%	9,5%	206.848.000	99,8%
					0,0%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					0,0%
VIII. Variación Activos Financeiros	350.000	0,2%	0,0%	350.000	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros					0,0%
Total Operacións financeiras	350.000	0,2%	0,0%	350.000	0,2%
TOTAL INGRESOS	189.235.000	100%	9,5%	207.198.000	100%

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 25. Orzamento de ingresos de A Coruña en porcentaxe por capítulo. 2022-2023.



Fonte: Consellería de Facenda.


II.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 26. Orçamento de ingresos de Lugo 2023.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 27. Orçamento de ingresos de Lugo. Detalle. 2023.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 10. Orzamento de ingresos da deputación de Lugo comparativa 2022- 2023

CAPITULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	6.239.381	6,2%	10,0%	6.861.598	6,2%
II. Impostos Indirectos	7.281.212	7,3%	-23,1%	5.599.459	5,1%
III. Taxas e Outros ingresos	5.361.410	5,4%	16,8%	6.263.542	5,7%
<i>Ingresos tributarios</i>	18.882.002	18,9%	-0,8%	18.724.599	16,9%
IV. Transferencias Correntes	80.088.140	80,0%	12,5%	90.120.588	81,5%
V. Ingresos Patrimoniais	35.000	0,0%	340,0%	154.000	0,1%
Operacións correntes	99.005.142	98,8%	10,1%	108.999.187	98,5%
VI. Alleamento Investimentos Reais	300.000	0,3%	0,0%	300.000	0,3%
VII. Transferencias de Capital	560.457	0,6%	-16,5%	468.031	0,4%
Operacións de capital	860.457	0,9%	-10,7%	768.031	0,7%
Operacións non financeiras	99.865.599	99,7%	9,9%	109.767.217	99,2%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,3%	182,6%	847.670	0,8%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,3%	182,6%	847.670	0,8%
TOTAL INGRESOS	100.165.599	100%	10,4%	110.614.887	100%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 28. Orzamento de ingresos de Lugo en porcentaxe por capítulo. 2022-2023



Fonte: Consellería de Facenda.


II.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 29. Orçamento de ingresos de Ourense. 2023



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 30. Orçamento de ingresos de Ourense. Detalle. 2023




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 11. Orzamento de ingresos da deputación de Ourense comparativa 2022 - 2023.

CAPITULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	4.550.000	5,3%	9,9%	5.000.000	5,5%
II. Impostos Indirectos	4.290.000	5,0%	5,6%	4.532.000	5,0%
III. Taxas e Outros ingresos	4.908.554	5,7%	1,7%	4.993.379	5,5%
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>13.748.554</i>	<i>16,0%</i>	<i>5,7%</i>	<i>14.525.379</i>	<i>16,0%</i>
IV. Transferencias Correntes	71.063.505	82,9%	6,6%	75.720.185	83,2%
V. Ingresos Patrimoniais	99.012	0,1%	66,9%	165.212	0,2%
Operacións correntes	84.911.070	99,1%	6,5%	90.410.776	99,4%
VI. Alleamento Investimentos Reais	21.000	0,0%	0,0%	21.000	0,0%
VII. Transferencias de Capital	467.930	0,5%	-49,1%	238.224	0,3%
Operacións de capital	488.930	0,6%	-47,0%	259.224	0,3%
Operacións non financeiras	85.400.000	99,6%	6,2%	90.670.000	99,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,3%
TOTAL INGRESOS	85.700.000	100%	6,1%	90.970.000	100%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 31. Orzamento de ingresos de Ourense en porcentaxe por capítulo. 2022-2023



Fonte: Consellería de Facenda.


II.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 32. Orçamento de ingresos de Pontevedra. 2023



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 33. Orçamento de ingresos de Pontevedra. Detalle. 2023.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 12. Orzamento de ingresos da deputación de Pontevedra comparativa 2022 - 2023.

CAPITULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	13.561.353	7,7%	2,6%	13.918.299	7,7%
II. Impostos Indirectos	14.478.973	8,2%	3,1%	14.920.959	8,2%
III. Taxas e Outros ingresos	11.799.393	6,7%	3,7%	12.231.701	6,7%
Ingresos tributarios	39.839.719	22,7%	3,1%	41.070.959	22,6%
IV. Transferencias Correntes	132.767.883	75,5%	3,5%	137.424.819	75,7%
V. Ingresos Patrimoniais	226.776	0,1%	4,4%	236.826	0,1%
Operacións correntes	172.834.378	98,3%	3,4%	178.732.604	98,4%
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.000.500	0,6%	0,0%	1.000.500	0,6%
VII. Transferencias de Capital	1.061.593	0,6%	0,0%	1.400.791	0,8%
Operacións de capital	2.062.093	1,2%	16,4%	2.401.291	1,3%
Operacións non financeiras	174.896.471	99,5%	3,6%	181.133.895	99,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	900.000	0,5%	-44,4%	500.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Total Operacións financeiras	900.000	0,5%	-44,4%	500.000	0,3%
TOTAL INGRESOS					
	175.796.471	100%	3,3%	181.633.895	100%

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 34. Orzamento de ingresos de Pontevedra en porcentaxe por capítulo. 2022.



Fonte: Consellería de Facenda.



GASTOS

III. GASTOS

III.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 590,4 millóns de euros e un incremento do 7,17% con respecto ao ano anterior.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria aumentou aproximadamente en 39,5 millóns respecto á cifra de 2022 para o orzamento das catro provincias.

Dentro das *operacións non financeiras*, e en concreto, referíndonos ás operacións correntes, os capítulos I, II, IV e V experimentan un aumento con respecto ao ano 2022 mentres que o capítulo III diminúe case nun 36% con respecto o do ano 2022. En conxunto, as operacións non financeiras aumentaron un 7,5% respecto aos orzamentos do ano anterior.

○ **capítulo I** incrementouse en 7,9 millóns de euros alcanzando 176,1 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa de crecemento interanual do 4,7%. Con este crecemento consolídase como o primeiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 29,8%.

○ **capítulo II** incrementouse en 9,7 millóns de euros, ata chegar á cifra de 129,6 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 8,1%. Con este crecemento sitúase como o segundo destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 22%, sen embargo, a porcentaxe sobre o total de gastos no orzamento apenas experimentou variacións.

Cadro 13. Orzamento de gastos do total das deputacións. 2022-2023.

CAPITULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANZEIRAS					
I. Gastos de Persoal	168.206.214	30,5%	4,7%	176.135.893	29,8%
II. Compra de Bens Corr. E Servizos	119.909.771	21,8%	8,1%	129.639.575	22,0%
Gastos funcionamento dos servizos	288.115.985	52,3%	6,1%	305.775.469	51,8%
III. Xuros	1.611.998	0,3%	-35,9%	1.032.902	0,2%
IV. Transferencias Correntes	123.067.239	22,3%	2,9%	126.647.343	21,5%
V. Fondo continxencia e imprevisión	6.326.611	1,1%	11,9%	7.080.534	1,2%
Operacións Correntes	419.121.832	76,1%	5,1%	440.536.247	74,6%
VI. Investimentos Reais	50.985.436	9,3%	28,9%	65.713.452	11,1%
VII. Transferencias de Capital	74.843.847	13,6%	6,5%	79.692.415	13,5%
Operacións de capital	125.829.282	22,8%	15,6%	145.405.867	24,6%
Operacións non financeiras	544.951.115	98,9%	7,5%	585.942.114	99,2%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.903.172	0,5%	-33,9%	1.918.171	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.042.784	0,6%	-16,0%	2.556.498	0,4%
Operacións financeiras	5.945.956	1,1%	-24,7%	4.474.669	0,8%
TOTAL GASTOS	550.897.070	100%	7,17%	590.416.782	100%

Fonte: Consellería de Facenda.

O **capítulo III, de xuros polos préstamos** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, experimentou un descenso do 35,9% con respecto ao 2022, o que representa case 600.000€ menos.

No **capítulo IV** prodúcese un incremento do 2,9%, o equivalente a 3,5 millóns de euros máis que en 2022.

No **capítulo V** produciuse un ascenso do 11,9% con respecto a 2022 (un incremento de case 754.000 mil euros en termos absolutos). O ascenso debeuse as deputacións de A Coruña e sobre todo a de Lugo, que aumentaron este capítulo con respecto a 2022, mentres que Ourense e Pontevedra mantiveron o importe do orzamento anterior.

O **capítulo VI** de investimentos reais amosa un forte aumento para o total das deputacións. En concreto un 28,9% (de 14,7 millóns de euros máis que en 2022).


O **capítulo VII** para o conxunto das catro deputacións experimentou aumento do 6,5%, é dicir, 4,8 millóns de euros máis que en 2022. As transferencias de capital aumentaron nas deputacións de A Coruña e Lugo e diminuíron na de Ourense e Pontevedra.

Con respecto ás operación financeiras, o **capítulo VIII de variación de activos financeiros** experimentou un descenso con respecto a 2022, en concreto dun 33,9%. O igual que o ano anterior, foi o capítulo con maior diminución en termos porcentuais, cun total de case 1 millón de euros menos que en 2022. A diminución debeuse ao pronunciado descenso na Coruña mentres que en Pontevedra houbo un lixeiro ascenso e nas restantes deputacións mantense en termos de valor absoluto con respecto ao ano pasado.

O capítulo IX de **variación de pasivos financeiros**, experimentou unha variación dun -16% (sendo en termos absolutos de 486 mil euros). Esta diminución xunto coa do capítulo anterior, fixeron que as operacións financeiras descenderan case de 1,5 millóns de euros (un 24,7% menos que no ano anterior). En termos de importancia sobre o orzamento total, o peso relativo pasa do 1,1% ao 0,8% en 2023.

Recapitulando todo o anterior, as variacións experimentadas en cada tipo de operacións recóllense a continuación no cadro 14.


Cadro 14. Variacións anuais na estrutura de gastos. Total da CA de Galicia 2022-2023



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta cada un dos capítulos e cada un dos períodos considerados (2022 e 2023) a representación gráfica seguinte amosa as principais diferencias entre períodos e permite comprobar a importancia en termos relativos de cada un deles con respecto ao orzamento total de gastos.

Gráfico 35. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de facenda.


Principais características da estrutura de gastos

Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2022, afondarase a continuación na composición dos orzamentos de gastos de 2023 e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais.

Da análise da estrutura debe salientarse que:


- O 99,2% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 585,9 millóns de €, cun incremento do 7,5% respecto a 2022.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:
 - O 74,6% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 440,5 millóns de €, cifra que é maior á de 2022, en concreto nun 5,1%.
 - O 24,6% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 145,4 millóns de €, cun aumento, respecto ao ano 2022, dun 15,6%.
- O 0,8% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un descenso do 24,7%. En termos absolutos, o que máis diminuíu foi o capítulo VIII con case 1 millón de euros (un 33,9% menos que o ano anterior).

Gráfico 36. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 37. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

A estrutura de gastos de cada un dos orçamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

Gráfico 38. Estrutura de gasto por tipo de operacións. 2023.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O orzamento de Pontevedra é o que presenta a maior porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres en Lugo as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 1,7%.

Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes** presenta unha porcentaxe do 74,6% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis alta porcentaxe no orzamento de Ourense, no que o 80,3% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente. En A Coruña a porcentaxe é do 77,5%, en Lugo do 76,3% e, finalmente, a menor porcentaxe rexístrase en Pontevedra co 67,5%.

Gráfico 39. Estrutura de gasto. Detalle. 2023.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

No que se refire aos Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orçamentos, xa que en Ourense a porcentaxe ascende ata o 64,1% mentres que no orçamento da Coruña a porcentaxe é do 43,7%, é dicir 8 puntos por debaixo da media; un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orçamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos.

As transferencias correntes, que para a media de Galicia representan o 21,5% e que tiveron un crecemento interanual do 2,9%, teñen no orçamento de Ourense o seu menor importe con 14 millóns que representan o 15,5% do orçamento, e no de Lugo o menor peso relativo xa que cos seus 15,2 millóns soamente absorben o 13,8% do total dos seus gastos. Nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 17,4% de Pontevedra ao 31,7% da Coruña.

Ao igual que no apartado de ingresos, engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orçamentos de deputacións provinciais.

Gráfico 40. Estructura de gasto. Entidades Locais. 2023.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 89%. mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos que é menos da metade da porcentaxe das corporacións provinciais.

As operacións financeiras teñen un peso igualitario na estrutura de gastos das deputacións e dos concellos, supoñendo un 1% en ambos casos.

Gráfico 41. Estructura de gasto. Entidades Locais. Detalle. 2023.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos, que representan o 82% do total de gastos, fronte ao 53% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orçamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.

Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase que as proporcións nos orçamentos son moi similares. En Galicia os gastos correntes supoñen unha porcentaxe do 75,5% mentres que en España sitúanse na contorna do 72,8%. A maior diferenza na proporción sobre o total obsérvase nas operacións financeiras, con maior porcentaxe no ámbito nacional.


Gráfico 42. Orçamento deputacións. 2023.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Tendo en conta os compoñentes desagregados podemos observar as seguintes diferenzas nas proporcións que cada un deles representa en cada ámbito considerado:

Gráfico 43. Estrutura orzamento deputacións. Detalle. 2023.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

III.2. ESTRUCTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2023 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos á que atenden os gastos. Clasifícanse por áreas de gasto (con seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.

A continuación, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto dentro dos orzamentos do conxunto das catro deputacións.

Gráfico 44. Orzamento total por áreas de gasto. 2023.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

A área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2023 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 35,1% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é superior en 1,5 puntos á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.

Cadro 15. Orzamento 2023 Clasificación por programas de gasto. Orzamento sen consolidar.

Área	Política de gasto	TOTAL DEPUTACIÓN
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		40.494.580
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	9.330.516
	15 Vivenda e urbanismo	1.145.614
	16 Benestar comunitario	22.800.096
	17 Medio ambiente	7.218.354
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		102.312.801
	21 Pensións	11.551.202
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.659.073
	23 Servizos Sociais e promoción social	65.133.392
	24 Fomento do Emprego	21.969.135
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		87.164.098
	31 Sanidade	1.075.834
	32 Educación	12.554.166
	33 Cultura	54.752.881
	34 Deporte	18.781.216
4 ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO		147.535.746
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	14.071.642
	42 Industria e enerxía	2.543.474
	43 Comercio, turismo e PEMES	14.706.890
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	110.931.197
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	182.500
	49 Outras actuacións de carácter económico	5.100.044
9 ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL		206.175.693
	91 Órganos de goberno	15.701.313
	92 Servizos de carácter xeral	74.493.317
	93 Administración financeira e tributaria	39.804.784
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	76.176.279
0 DÉBEDA PÚBLICA		3.378.200
	01 Débeda Pública	3.378.200
	TOTAL	587.061.118

Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como se pode observar na táboa, o importe da área 9 acende a 206,2 millóns de euros, que supón 5,8 millóns máis que en 2022 (o 1,5% máis con respecto ao ano anterior). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas que con 76,1 millóns é a primeira política de gasto en importe no orzamento conxunto das catro deputacións e representa o 12,98% do total e o 36,9% desta área de gasto. Dentro das actuacións de carácter xeral, séguelle a política 92 Servizos de carácter xeral, con 74,5 millóns de euros, o 36,1% desta área de gasto e o 12,7% do total de gastos das catro deputacións; a política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria é a seguinte partida en importancia e chega a representar o 6,8% do total de gastos.

Para o conxunto dos catro orzamentos, a área 4, Actuacións de carácter económico, acada os 147,5 millóns de euros e o 25,13% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, destinada ás infraestruturas, é a de maior importe. Neste ano alcanza un importe de case 111 millóns de euros en total que implica que o 18,9% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamento das infraestruturas, 0,6 puntos porcentuais máis do orzamento de 2022. É no orzamento ourensán onde se observa a maior porcentaxe desta área de gasto e no de Lugo o menor (con un 88,9% e 64,4% respectivamente).

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, está a política de gasto 41 "Agricultura, gandería e pesca" con 14 millóns de euros e o 2% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Lugo e Pontevedra, cunha porcentaxe destes gastos en ambas provincias do 4% do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, , presentan unha cifra de 102,3 millóns que representa o 17,43% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2023, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, con máis da metade do importe da área e o 11,09% do total de gastos.

Cun importe e porcentaxe moi preto, está a área de gasto de Producción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. É a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputacións. Presenta un importe de 87,1 millóns e unha porcentaxe do 14,8%.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa máis do 50% da área de gasto e o 9,33% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

A área de gasto I Servizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinado a esta área é de 40,9 millóns que representan o 6,9% do total, destacando a política de gasto destinada ao Benestar, cun total de 22,8 millóns de euros e representando un 3,88% do total do orzamento.


Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 23% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto, só por detrás de Infraestruturas.

Por último, a Débeda pública é unha área na que ano a ano se vai reducindo o seu importe e peso relativo na composición dos gastos. No orzamento de 2023 o importe é de 3,4 millóns de euros, e representa un 2% menos que o do ano anterior. Comprende os gastos de xuros, amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

No orzamento coruñés non hai consignación de débeda pública, no de Pontevedra mantense o importante descenso no seu orzamento, pasando dos 761 mil euros do ano anterior a 250 mil no 2023. E nos dous orzamentos restantes, Lugo e Ourense, apréciase un incremento do 24,41% en Lugo mentres que en Ourense é do 3%.

Se temos en conta graficamente cada unha das deputacións, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto, apreciando as diferencias comentadas anteriormente.

Gráfico 45. Estrutura de gastos por áreas de gasto



Fonte: información agregada das deputacións.

Cadro 16. Orzamento das deputacións por programas de gasto.

2023 - Comparativa dos gastos Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL	%
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		3.120.765	2%	7.364.119	7%	24.385.939	27%	5.623.756	3%	40.494.580	7%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	1.482.000	1%	2.934.356	3%	2.482.250	3%	2.431.910	1%	9.330.516	2%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0%	899.430	1%	0	0%	246.184	0%	1.145.614	0%
	16 Benestar comunitario	0	0%	0	0%	20.877.520	23%	1.922.576	1%	22.800.096	4%
	17 Medio ambiente	1.638.765	1%	3.530.334	3%	1.026.170	1%	1.023.086	1%	7.218.354	1%
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL		55.614.977	27%	16.745.787	16%	5.822.101	6%	24.129.936	13%	102.312.801	17%
	21 Pensións	11.551.000	6%	0	0%	0	0%	202	0%	11.551.202	2%
	22 Outras prestacións económicas a favor de	1.660.576	1%	1.252.797	1%	1.000	0%	744.700	0%	3.659.073	1%
	23 Servizos Sociais e promoción social	29.333.551	14%	12.824.991	12%	2.467.000	3%	20.507.849	11%	65.133.392	11%
	24 Fomento do Emprego	13.069.850	6%	2.667.999	2%	3.354.101	4%	2.877.185	2%	21.969.135	4%
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		35.716.802	17%	15.631.049	15%	10.097.418	11%	25.718.828	14%	87.164.098	15%
	31 Sanidade	0	0%	0	0%	1.075.834	1%	0	0%	1.075.834	0%
	32 Educación	6.924.040	3%	3.018.573	3%	769.353	1%	1.842.200	1%	12.554.166	2%
	33 Cultura	22.944.212	11%	7.124.019	7%	5.594.827	6%	19.089.824	11%	54.752.881	9%
	34 Deporte	5.848.550	3%	5.488.458	5%	2.657.404	3%	4.786.804	3%	18.781.216	3%
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		61.905.093	30%	22.222.224	21%	30.256.268	33%	33.152.161	18%	147.535.746	25%
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	2.134.000	1%	3.996.082	4%	986.464	1%	6.955.096	4%	14.071.642	2%
	42 Industria e enerxía	252.973	0%	0	0%	2.285.000	3%	5.500	0%	2.543.474	0%
	43 Comercio, turismo e PEMES	6.376.970	3%	3.725.453	3%	70.000	0%	4.534.467	2%	14.706.890	3%
	44 Transporte público	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%
	45 Infraestruturas	48.056.196	23%	14.308.098	13%	26.914.804	30%	21.652.098	12%	110.931.197	19%
	46 Investigación, desenvolvemento e	158.000	0%	19.500	0%	0	0%	5.000	0%	182.500	0%
	49 Outras actuacións de carácter económico	4.926.953	2%	173.090	0%	0	0%	0	0%	5.100.044	1%
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		50.840.362	25%	43.200.626	40%	19.376.324	21%	92.758.379	51%	206.175.693	35%
	91 Órganos de goberno	3.516.740	2%	3.314.236	3%	5.496.195	6%	3.374.142	2%	15.701.313	3%
	92 Servizos de carácter xeral	23.413.764	11%	19.417.270	18%	11.317.227	12%	20.345.056	11%	74.493.317	13%
	93 Administración financeira e tributaria	19.679.596	9%	4.558.040	4%	2.538.862	3%	13.028.286	7%	39.804.784	7%
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	4.230.263	2%	15.911.081	15%	24.040	0%	56.010.895	31%	76.176.279	13%
0 DÉBEDA PÚBLICA		0	0%	2.095.414	2%	1.031.950	1,13%	250.835	0%	3.378.200	1%
	01 Débeda Pública	0	0%	2.095.414	2%	1.031.950	1%	250.835	0%	3.378.200	1%
TOTAL		207.198.000	100%	107.259.220	100%	90.970.000	100%	181.633.895	100%	587.061.115	100%


Fonte: información agregada das deputacións.

III.3. VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

A continuación analízanse os compoñentes de gasto dos orzamentos en termos per cápita.

A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 65,5 €/habitante para a media de Galicia. Os valores resultantes nos orzamentos de Ourense (con 116 €) e Lugo (con 108,8 €), son superiores á media. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, como ven sendo habitual nos últimos anos, con 49,3 €/habitante e en Pontevedra son 53,5 euros por habitante.

Gráfico 46. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.

No relativo ao peso deste capítulo na composición dos gastos (recollido no cadro I 7), é importante salientar que presenta unha media do 29,8% lixeiramente inferior ao ano 2022. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense, cun 38,8%, que supera en algo máis de 12 puntos porcentuais a porcentaxe da Coruña e 11 puntos porcentuais a de Pontevedra, que son as de menor porcentaxe. Por outra banda a porcentaxe da provincia de Lugo é un pouco superior ao dato da media, con un 31,9%.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o capítulo do Fondo de continxencia) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, as que superaron a media (163,7), que se sitúa nos 260,3 €/habitante en Lugo e 240 €/habitante en Ourense.

A porcentaxe para a media de Galicia destinada a este tipo de gastos é do 74,6%, sendo o orzamento de Ourense o que presenta porcentaxe máis alta cun 80,3%. Na Coruña e Lugo a porcentaxe sitúase por encima da media cun 77,5% e 76,3% respectivamente, e en Pontevedra é sensiblemente inferior co 67,5%.

Cadro 17. Variables e ratios económico-financeiras. Galicia 2023. Euros por habitante e porcentaxe.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	185,1	341,4	299,0	192,6	219,4
Gastos de Persoal (Cap I)	49,3	108,8	116	53,5	65,5
% GP/GT	26,6%	31,9%	38,8%	27,8%	29,8%
Operacións Correntes (I ao V)	143,5	260,3	240,0	130,0	163,7
% OC/GT	77,5%	76,3%	80,3%	67,5%	74,6%
Operacións de Capital (VI+VII)	40,8	75,2	55,7	62,0	54,0
% OC/GT	22,0%	22,0%	18,6%	32,2%	24,6%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	0,9	5,9	3,3	0,6	1,7
% OF/GT	0,5%	1,7%	1,1%	0,3%	0,8%

Fonte: información agregada das deputacións.

Polo que respecta ás operacións de capital (capítulos VI e VII) a deputación co orzamento maior das catro destinado a estes gastos divido pola súa poboación é Lugo, destacando o seu incremento con respecto o ano anterior xa que pasou de 59 euros por habitante a 75,2 euros. A media de Galicia reflicte que se destinarán uns 54 euros por habitante aos investimentos reais e transferencias de capital, sendo o valor de Coruña o máis baixo con 40,8 euros por habitante.

No que atinxe ao peso relativo na estrutura de gastos deste agregado de investimentos e transferencias de capital, volve a ser Pontevedra no que se observa unha maior proporción do seu orzamento destinado aos capítulos VI e VII, seguido polos orzamentos lucense e coruñés.


Por último, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), como xa se adiantou, continuaron descendendo en 2023 pasando dos 2,2 euros por habitante en 2022 aos 1,7 en 2023, para a medida de Galicia. Neste agregado de gastos financeiros obsérvase unha gran variabilidade, figurando o maior dato en Lugo, con 5,9 euros por habitante, seguido dos 3,3 €/habitante en Ourense mentres que en Coruña de Pontevedra soamente resulta 0,9 e 0,6 euro por habitante respectivamente destinado a gastos financeiros. As porcentaxes reflicten datos parellos aos importes por habitante, sendo Lugo e Ourense os que superan a porcentaxe da media, e reflectindo o de Pontevedra o dato máis baixo xa que soamente o 0,3% do seu orzamento son gastos financeiros.

III.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2015-2023.

A continuación detallase a evolución dos agregados máis importantes dentro das variables de gastos: os gastos de persoal (recollidos no capítulo I, e sendo os de maior peso relativo dentro das operacións correntes) e os gastos por operacións de capital (que engloba os capítulos VI e VII).

No período de análise considerado, o capítulo I de gastos de persoal presenta unha traxectoria ascendente dende 2015, descendendo no ano 2017 para seguir medrando ata acadar no último ano os 176,1 millóns de euros, o que supón un crecemento interanual medio do 3,8% dende 2015.

Gráfico 47. Variables de gastos de persoal período 2015-2023. Millóns de euros.



Fonte: información agregada das deputacións.


Cadro 18. Gastos de persoal 2015-2023. Millóns de euros.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	Inc. interanual medio
A Coruña	38,4	39,8	39,3	41,4	44,1	49,4	49,6	52,1	55,2	4,6%
Lugo	23,3	24,7	24,0	24,8	27,3	33,1	33,3	34,0	35,2	5,3%
Ourense	27,7	30,1	29,9	31,8	32,2	35,1	32,9	33,6	35,3	3,1%
Pontevedra	40,8	43,1	43,5	44,6	44,8	47,0	49,3	48,5	50,4	2,7%
Galicia	130,2	137,7	136,8	142,6	148,4	164,7	165,2	168,2	176,1	3,8%

Fonte: información agregada das deputacións.

No conxunto das catro deputacións o peso relativo dos gastos de persoal sobre o total dos gastos está en descenso dende o ano 2021 pasando pasando do 30,5% en 2022 ata 29,8% en 2023.


Gráfico 48. Gastos de persoal. Peso sobre o total de gastos. 2015-2023.



Fonte: información agregada das deputacións.

En termos de gastos de persoal por habitante, as deputacións de Lugo e Ourense presentan un nivel superior á media de 65,5€ por habitante de 2023, mentres que as de Pontevedra e A Coruña están por debaixo en todos os anos do período.


Gráfico 49. Gastos de persoal por habitante 2015-2023.



Fonte: información agregada das deputacións.

A evolución das operacións de capital, presenta unha traxectoria ascendente nos últimos tres anos, acadando un cifra de 145,4 millóns de euros o que representa o 24,6% do total do presuposto.

Gráfico 50. Evolución operacións de capital período 2015-2023. Millóns de euros.



Fonte: información agregada das deputacións.

No período 2015-2023 o conxunto dos gastos de capital das deputacións mostra unha taxa media interanual do 2,5%, sendo negativa no caso da deputación de Ourense (-2%), positiva pero por debaixo da media na de A Coruña (0,8%) e Lugo (1%), mentres que a de Pontevedra presenta unha taxa media interanual moito máis elevada, do 7,0%.


Cadro 19. Operacións de capital. 2015-2023. Millóns de euros.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	Inc. interanual medio
A Coruña	42,7	41,8	38,0	26,8	30,2	23,7	27,7	32,4	45,6	0,8%
Lugo	22,5	28,3	20,9	19,0	20,1	19,4	16,4	19,1	24,4	1,0%
Ourense	20,0	18,6	16,1	15,3	16,3	17,2	13,1	16,1	17,0	-2,0%
Pontevedra	34,1	40,7	42,4	44,6	45,8	47,1	52,5	58,2	58,5	7,0%
Galicia	119,3	129,3	117,4	105,7	112,3	107,4	109,7	125,8	145,4	2,5%

Fonte: información agregada das deputacións.

En 2023 o volume das operacións de capital con respecto ao total do orzamento representa o 24,6% en 2023, un 1,8 puntos porcentuais máis que no ano anterior e 0,01 punto superior o ano 2015.

Gráfico 51. Operacións de capital. Peso sobre o total de gastos.




Fonte: información agregada das deputacións.

Os gastos de capital por habitante das deputacións acadan os 54€ en 2023. A Coruña está por debaixo da media de Galicia, sen embargo é a que presenta un maior aumento pasando de 28,9 no 2022 a 40,08 no 2023.

Ourense e Pontevedra amosan lixeiros ascensos no último período, e Lugo diminúe pasando de 84,1 en 2022 a 75,2 en 2023 a pesar do cal segue estando por encima da media e presentando un maior importe diferenciado.

Gráfico 52. Gastos de capital por habitante (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.


III.5. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, recóllese a estrutura básica dos gastos, reflectindo a porcentaxe que amosa cada agregado ao total dos gastos do orzamento.
- En segundo lugar, figura unha táboa comprensiva do orzamento inicial 2023, e a comparación co orzamento do ano 2022. Así mesmo recóllese graficamente as diferentes porcentaxes de cada capítulo de gasto nestes dous últimos anos.


III.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 53. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2023.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 54. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2023. Detalle.




Fonte: Deputación de A Coruña.

Cadro 20. Orzamento de gastos por capítulos. A Coruña 2022-2023.

CAPÍTULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	52.141.915	27,6%	5,8%	55.178.051	26,6%
II. Compra de Bens Corr. e Servicos	32.787.512	17,3%	7,9%	35.391.934	17,1%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	84.929.427	44,9%	6,6%	90.569.985	43,7%
III. Xuros	761.000	0,4%	-90,1%	75.000	0,0%
IV. Transferencias Correntes	65.352.195	34,5%	0,6%	65.769.686	31,7%
V. Fondo continxencia e imprevisión	3.780.000	2,0%	9,6%	4.143.000	2,0%
Operacións Correntes	154.822.622	81,8%	3,7%	160.557.671	77,5%
VI. Investimentos Reais	17.417.607	9,2%	47,8%	25.750.558	12,4%
VII. Transferencias de Capital	14.964.000	7,9%	32,7%	19.859.000	9,6%
Operacións de capital	32.381.607	17,1%	40,9%	45.609.558	22,0%
Operacións non financeiras	187.204.229	98,9%	10,1%	206.167.229	99,5%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.030.771	1,1%	-49,2%	1.030.771	0,5%
IX. Variación Pasivos Financeiros					
Operacións financeiras	2.030.771	1,1%	-49,2%	1.030.771	0,5%
TOTAL GASTOS	189.235.000	100%	9.5%	207.198.000	100%


Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 55. Orzamento de gastos por capítulos en porcentaxe sobre o total. 2022-2023.



Fonte: Deputación de A Coruña.


Gráfico 56. Orçamento por áreas de gasto. 2023.



Fonte: Deputación de A Coruña.


III.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 57. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. 2023.



Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 58. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. Detalle. 2023.




Fonte: Deputación de Lugo.

Cadro 21. Orzamento de gasto por capítulos. Lugo. 2022-2023.

CAPÍTULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	33.975.487	33,9%	3,7%	35.247.083	31,9%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	29.871.913	29,8%	6,1%	31.704.210	28,7%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	63.847.400	63,7%	4,9%	66.951.294	60,5%
III. Xuros	242.000	0,2%	116,2%	523.150	0,5%
IV. Transferencias Correntes	13.796.360	13,8%	10,4%	15.237.707	13,8%
V. Fondo continxencia e imprevis	1.246.611	1,2%	31,4%	1.637.534	1,5%
Operacións Correntes	79.132.371	79,0%	6,6%	84.349.684	76,3%
VI. Investimentos Reais	10.239.356	10,2%	11,7%	11.435.617	10,3%
VII. Transferencias de Capital	8.880.408	8,9%	45,4%	12.916.122	11,7%
Operacións de capital	19.119.764	19,1%	27,4%	24.351.739	22,0%
Operacións non financeiras	98.252.135	98,1%	10,6%	108.701.423	98,3%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,3%	0,0%	300.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	1.613.464	1,6%	0,0%	1.613.464	1,5%
Operacións financeiras	1.913.464	1,9%	0,0%	1.913.464	1,7%
TOTAL GASTOS	100.165.599	100%	10,4%	110.614.887	100%


Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 59. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Lugo. 2022-2023.



Fonte: Deputación de Lugo.


Gráfico 60. Orzamento por áreas de gasto. Lugo 2023.



Fonte: Deputación de Lugo.


III.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 61. Orzamento de gastos. Ourense.. 2023.



Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 62. Orzamento de gastos Ourense. Detalle. 2023.




Fonte: Deputación de Ourense.

Cadro 22. Orzamento de gastos por capítulos. Ourense. 2022-2023.

CAPÍTULOS	2022		Incrém. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	33.602.496	39,2%	5,0%	35.291.532	38,8%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	20.820.014	24,3%	10,5%	23.010.727	25,3%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	54.422.510	63,5%	7,1%	58.302.259	64,1%
III. Intereses	299.997	0,4%	9,9%	329.750	0,4%
IV. Transferencias Correntes	13.534.576	15,8%	4,1%	14.084.262	15,5%
V. Fondo continxencia e imprevis	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,3%
Operacións Correntes	68.557.083	80,0%	6,5%	73.016.271	80,3%
VI. Investimentos Reais	10.628.563	12,4%	9,3%	11.622.138	12,8%
VII. Transferencias de Capital	5.512.154	6,4%	-3,3%	5.329.391	5,9%
Operacións de capital	16.140.717	18,8%	5,0%	16.951.528	18,6%
Operacións non financeiras	84.697.800	98,8%	6,2%	89.967.800	98,9%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	702.200	0,8%	0,0%	702.200	0,8%
Operacións financeiras	1.002.200	1,2%	0,0%	1.002.200	1,1%
TOTAL GASTOS	85.700.000	100%	6,1%	90.970.000	100%


Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 63. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Ourense. 2022-2023.



Fonte: Deputación de Ourense.


Gráfico 64. Orzamento de gastos por áreas de gasto. Ourense 2023.



Fonte: Deputación de Ourense.


III.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 65. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. 2023.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 66. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. Detalle. 2023.




Fonte: Deputación de Pontevedra.

Cadro 23. Orzamento de gasto por capítulos. Pontevedra. 2022-2023.

CAPITULOS	2022		Increm. % Interanual	2023	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANZEIRAS					
I. Gastos de Persoal	48.486.316	27,6%	4,0%	50.419.227	27,8%
II. Compras de Bens Corr. e Servizos	36.430.332	20,7%	8,5%	39.532.704	21,8%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	<i>84.916.648</i>	<i>48,3%</i>	<i>5,9%</i>	<i>89.951.931</i>	<i>49,5%</i>
III. Intereses	309.001	0,2%	-66,0%	105.002	0,1%
IV. Transferencias Correntes	30.384.107	17,3%	3,9%	31.555.688	17,4%
V. Fondo continxencia e imprevisión	1.000.000	0,6%	0,0%	1.000.000	0,6%
Operacións Correntes	116.609.756	66,3%	5,1%	122.612.621	67,5%
VI. Inversións Reais	12.699.910	7,2%	33,1%	16.905.139	9,3%
VII. Transferencias de Capital	45.487.285	25,9%	-8,6%	41.587.902	22,9%
Operacións de capital	58.187.195	33,1%	0,5%	58.493.041	32,2%
Operacións non financeiras	174.796.951	99,4%	3,6%	181.105.662	99,7%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	272.401	0,2%	5,5%	287.400	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros	727.119	0,4%	-66,9%	240.833	0,1%
Operacións financeiras	999.520	0,6%	-47,2%	528.233	0,3%
TOTAL GASTOS	175.796.471	100%	3,3%	181.633.895	100%


Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 67. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Pontevedra. 2022-2023.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 68. Orzamento por áreas de gasto. Pontevedra. 2023.



Fonte: Deputación de Pontevedra.



PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95- SEC 2010)

IV. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010)

IV.1. PRINCIPAIS INDICADORES. TOTAL DEPUTACIÓN

Cadro 24. Principais indicadores. Total deputacións.

TOTAL DEPUTACIÓN				
PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	49.054.277	45.547.757	3.506.521	7,7%
Capítulo II.- Impostos indirectos	42.735.318	41.548.897	1.186.421	2,9%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	35.649.411	33.548.782	2.100.629	6,3%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	450.469.764	424.577.349	25.892.416	6,1%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	869.638	374.388	495.250	132,3%
Total Recursos Correntes (1)	578.778.408	545.597.173	33.181.236	6,1%
Capítulo I.-Gastos de persoal	176.135.893	168.206.214	7.929.679	4,7%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	129.639.575	119.909.771	9.729.804	8,1%
Capítulo III.-Xuros	1.032.902	1.611.998	-579.096	-35,9%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	126.647.343	123.067.239	3.580.104	2,9%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	7.080.534	6.326.611	753.922	11,9%
Total Empregos Correntes (2)	440.536.247	419.121.832	21.414.414	5,1%
AFORRO BRUTO (1-2)	138.242.161	126.475.340	11.766.821	9,3%
Capítulo III.- Gastos financeiros	1.032.902	1.611.998	-579.096	-35,9%
Saldo primario	139.275.063	128.087.338	11.187.725	8,7%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	1.335.579	1.359.918	-24.340	-1,8%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	8.305.126	2.089.980	6.215.146	297,4%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	9.640.704	3.449.898	6.190.806	179,4%
Capítulo VI.- Investimentos reais	65.713.452	50.985.436	14.728.017	28,9%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	79.692.415	74.843.847	4.848.568	6,5%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	145.405.867	125.829.282	19.576.584	15,6%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	135.765.162	122.379.384	13.385.778	10,9%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO (1+3-2-4)	2.476.999	4.095.956	-1.618.957	-39,5%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	1.997.670	1.850.000	147.670	8,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	1.997.670	1.850.000	147.670	8,0%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	1.918.171	2.903.172	-985.001	-33,9%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	2.556.498	3.042.784	-486.286	-16,0%
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	4.474.669	5.945.956	-1.471.287	-24,7%

Fonte: información agregada do total das deputacións.

O aforo bruto, diferenza entre os recursos e empregos correntes, ascende a 138,2 millóns de euros en 2023, un 9,3% superior ao do orzamento de 2022.

Por outro lado, a Formación bruta de capital ascende a 135,8 millóns, un 10,9% superior a de 2022.

Como consecuencia, o conxunto das deputacións presentan no orzamento de 2023 una capacidade de financiamento de 2,5 millóns de euros, un 39,5% menos que en 2022, fundamentalmente como consecuencia do aumento nas Transferencias de capital.

IV.2. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL DE CADA UN DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS

IV.2.1. ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Cadro 25. Principais indicadores. Deputación de A Coruña.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN A CORUÑA PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	23.274.380	21.197.023	2.077.357	10%
Capítulo II.- Impostos indirectos	17.682.900	15.498.712	2.184.188	14%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	12.160.788	11.479.426	681.363	6%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	147.204.173	140.657.821	6.546.352	5%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	313.600	13.600	300.000	2206%
Total Recursos Correntes (1)	200.635.842	188.846.582	11.789.260	6%
Capítulo I.-Gastos de persoal	55.178.051	52.141.915	3.036.136	6%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	35.391.934	32.787.512	2.604.422	8%
Capítulo III.-Xuros	75.000	761.000	-686.000	-90%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	65.769.686	65.352.195	417.491	1%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	4.143.000	3.780.000	363.000	10%
Total Empregos Correntes (2)	160.557.671	154.822.622	5.735.049	4%
AFORRO BRUTO (1-2)	40.078.171	34.023.960	6.054.211	17,8%
Capítulo III.- Gastos financeiros	75.000	761.000	-686.000	-90,1%
Saldo primario	40.153.171	34.784.960	5.368.211	15,4%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	14.079	38.418	-24.340	
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	6.198.080	0	6.198.080	
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	6.212.159	38.418	6.173.741	
Capítulo VI.- Investimentos reais	25.750.558	17.417.607	8.332.951	47,8%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	19.859.000	14.964.000	4.895.000	32,7%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	45.609.558	32.381.607	13.227.951	40,9%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	39.397.400	32.343.189	7.054.211	21,8%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINCIAMEN	680.771	1.680.771	-1.000.000	-59,5%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	350.000	350.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	350.000	350.000	0	0,0%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	1.030.771	2.030.771	-1.000.000	-49,2%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	1.030.771	2.030.771	-1.000.000	-49,2%

Fonte: Deputación de A Coruña.

IV.2.2. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Cadro 26. Principais indicadores. Deputación de Lugo.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN LUGO PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	6.861.598	6.239.381	622.217	10,0%
Capítulo II.- Impostos indirectos	5.599.459	7.281.212	-1.681.753	-23,1%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	6.263.542	5.361.410	902.132	16,8%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	90.120.588	80.088.140	10.032.448	12,5%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	154.000	35.000	119.000	340,0%
Total Recursos Correntes (1)	108.999.187	99.005.142	9.994.044	10,1%
Capítulo I.-Gastos de persoal	35.247.083	33.975.487	1.271.597	3,7%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	31.704.210	29.871.913	1.832.297	6,1%
Capítulo III.-Xuros	523.150	242.000	281.150	116,2%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	15.237.707	13.796.360	1.441.347	10,4%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	1.637.534	1.246.611	390.922	31,4%
Total Empregos Correntes (2)	84.349.684	79.132.371	5.217.312	6,6%
AFORRO BRUTO (1-2)	24.649.503	19.872.771	4.776.732	24,0%
Capítulo III.- Gastos financeiros	523.150	242.000	281.150	116,2%
Saldo primario	25.172.653	20.114.771	5.057.882	25,1%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	300.000	300.000	0	
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	468.031	560.457	-92.426	-16,5%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	768.031	860.457	-92.426	-10,7%
Capítulo VI.- Investimentos reais	11.435.617	10.239.356	1.196.261	11,7%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	12.916.122	8.880.408	4.035.714	45,4%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	24.351.739	19.119.764	5.231.975	27,4%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	23.583.708	18.259.306	5.324.402	29,2%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMEN	1.065.794	1.613.464	-547.670	0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	847.670	300.000	547.670	182,6%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	847.670	300.000	547.670	182,6%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	1.613.464	1.613.464	0	0,0%
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	1.913.464	1.913.464	0	0,0%

Fonte: Deputación de Lugo.

IV.2.3. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Cadro 27. Principais indicadores. Deputación de Ourense.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN OURENSE PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	5.000.000	4.550.000	450.000	9,9%
Capítulo II.- Impostos indirectos	4.532.000	4.290.000	242.000	5,6%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	4.993.379	4.908.554	84.826	1,7%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	75.720.185	71.063.505	4.656.680	6,6%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	165.212	99.012	66.200	66,9%
Total Recursos Correntes (1)	90.410.776	84.911.070	5.499.706	6,5%
Capítulo I.-Gastos de persoal	35.291.532	33.602.496	1.689.036	5,0%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	23.010.727	20.820.014	2.190.713	10,5%
Capítulo III.-Xuros	329.750	299.997	29.753	9,9%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	14.084.262	13.534.576	549.686	4,1%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	300.000	300.000	0	0,0%
Total Empregos Correntes (2)	73.016.271	68.557.083	4.459.188	6,5%
AFORRO BRUTO (1-2)	17.394.505	16.353.987	1.040.517	6,4%
Capítulo III.- Gastos financeiros	329.750	299.997	29.753	9,9%
Saldo primario	17.724.255	16.653.984	1.070.271	6,4%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	21.000	21.000	0	0,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	238.224	467.930	-229.706	-49,1%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	259.224	488.930	-229.706	-47,0%
Capítulo VI.- Investimentos reais	11.622.138	10.628.563	993.575	9,3%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	5.329.391	5.512.154	-182.763	-3,3%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	16.951.528	16.140.717	810.812	5,0%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	16.692.304	15.651.787	1.040.517	6,6%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMEN	702.200	702.200	0	0,0%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	702.200	702.200	0	0,0%
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	1.002.200	1.002.200	0	0,0%

Fonte: Deputación de Ourense.

IV.2.4. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Cadro 28. Principais indicadores. Deputación de Pontevedra.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN PONTEVEDRA PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	13.918.299	13.561.353	356.946	2,6%
Capítulo II.- Impostos indirectos	14.920.959	14.478.973	441.986	3,1%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	12.231.701	11.799.393	432.308	3,7%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	137.424.819	132.767.883	4.656.936	3,5%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	236.826	226.776	10.050	4,4%
Total Recursos Correntes (1)	178.732.604	172.834.378	5.898.226	3,4%
Capítulo I.-Gastos de persoal	50.419.227	48.486.316	1.932.911	4,0%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	39.532.704	36.430.332	3.102.372	8,5%
Capítulo III.-Xuros	105.002	309.001	-203.999	-66,0%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	31.555.688	30.384.107	1.171.581	3,9%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	1.000.000	1.000.000	0	0,0%
Total Empregos Correntes (2)	122.612.621	116.609.756	6.002.865	5,1%
AFORRO BRUTO (1-2)	56.119.983	56.224.622	-104.639	-0,2%
Capítulo III.- Gastos financeiros	105.002	309.001	-203.999	-66,0%
Saldo primario	56.224.985	56.533.623	-308.638	-0,5%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	1.000.500	1.000.500	0	0,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	1.400.791	1.061.593	339.198	
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	2.401.291	2.062.093	339.198	16,4%
Capítulo VI.- Investimentos reais	16.905.139	12.699.910	4.205.229	33,1%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	41.587.902	45.487.285	-3.899.383	-8,6%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	58.493.041	58.187.195	305.846	0,5%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	56.091.750	56.125.102	-33.352	-0,1%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMEN	28.233	99.520	-71.287	-71,6%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2022	DIFERENCIA 2023-2022	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	500.000	900.000	-400.000	-44,4%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	500.000	900.000	-400.000	-44,4%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	287.400	272.401	14.999	5,5%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	240.833	727.119	-486.286	-66,9%
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	528.233	999.520	-471.287	-47,2%

Fonte: Deputación de Pontevedra.

